



FOGAR DIXITAL  
SOCIOSANITARIO

## Consultas Preliminares do Mercado Para a extensión da Teleasistencia Avanzada baixo o modelo de Fogar Dixital Sociosanitario



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE



Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Galicia amosa unha tendencia ao envellecemento da poboación maior que outras rexións españolas e europeas, así como un crecemento demográfico negativo. A cifra actual é de 640.263 persoas con 65 anos ou máis en Galicia, que representan máis do 23 % da poboación total galega
- Galicia conta con máis de 110.000 fogares unipersoais con 65 ou máis anos. En termos referidos a fogares con a lo menos unha persoa con 65 ou máis anos, o 40 % dos fogares galegos cumpren con esta situación. O 87% das persoas maiores prefiren vivir na súa casa, aínda no caso de vivir sós.
- Os efectos do envellecemento en Galicia, a esperanza de vida dos maiores galegos e galegas e o seu estilo de vida condicionan que a vivenda das persoas maiores en Galicia sexa o lugar principal de actuación das administracións públicas con respecto ao sistema de benestar en Galicia. Para elo, é necesario dotar as vivendas dun paquete integrado de solucións TIC que permitan ás persoas maiores sentirse máis seguros, sentirse máis independentes, estar sans e manterse conectados coa sociedade.
- Actualmente estase a desenvolver un modelo de Fogar Dixital Socio-sanitario en Galicia. O modelo tecnolóxico está baseado na existencia dunha plataforma integral de fogar dixital da Xunta de Galicia a través da que se prestarán os servizos dixitais de atención no fogar proporcionados pola Xunta de Galicia, tanto de carácter social como sanitario**

# Modelo tecnolóxico



Defínese unha arquitectura en tres capas:

- **Capa Fogar:** Dispositivos a instalar no fogar do cidadán (concentrador, sensores, outros elementos tecnolóxicos, ...)
- **Capa Plataforma:** Plataforma de Fogar Dixital Xunta (que permite a recepción, almacenamento e procesamento da información xerada no fogar do cidadán)
- **Capa Servizos:** Sistemas que permiten o desenvolvemento de servizos dixitais no fogar a partir da información da plataforma de Fogar Dixital Xunta (ben propios da administración autonómica, ou de prestadores de servizos).

Procura de solucións, tecnoloxías e modelos de organización do servizo relacionadas coa extensión da Teleasistencia Avanzada baixo o modelo de Fogar Dixital Socio sanitario.



- Publicarase no DOGA do Martes 28/11/2017
- Información dispoñible en <https://amtega.xunta.gal/cmfogardixital>
- Enmarcada no Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais

O reto que se lanza, consiste en determinar os elementos tecnolóxicos no fogar, a conectividade necesaria, os modelos de dotación e soporte deses elementos, os custes asociados a dita dotación e soporte, e os modelos de financiamento deses custes.

Establecese que a extensión da teleasistencia avanzada supón os seguintes retos:





- Cales son os **elementos tecnolóxicos no fogar** para a prestación dos servizos de teleasistencia avanzada
- Cal é a **conectividade necesaria** no fogar para que a prestación de ditos servizos sexa factible
- Cal é o **custe da provisión, instalación, mantemento e operación** deses elementos tecnolóxicos no fogar
- Que **modelos de financiamento** deses custes son posibles

Os servizos que poden compoñer a teleasistencia avanzada poden englobarse nas seguintes categorías:

- Servizos relacionados coa **domótica** (detección de situacións de risco por escapes de gas, auga, lume, ...)
- Servizos relacionados co estudo de **alteracións nos hábitos** no domicilio (patróns de actividade, caídas, ...)
- Servizos relacionados coa **xeolocalización** dos usuarios
- Servizos relacionados coa **telediagnose, teleconsulta médica, telemonitorización** sanitaria, ...
- Servizos relacionados coa **mellora da capacidade cognitiva** dos usuarios

### Potenciais usuarios:

As cifras máis relevantes do potenciais usuarios destes servizos son:


-  Poboación galega con máis de 65 anos: 640.000
-  Fogares unipersoais con 65 ou máis anos: 110.000
-  Máis de 195.000 accidentes no fogar ao ano en maiores de 65 anos en España
-  Usuarios de teleasistencia clásica en Galicia: preto de 5.000

# Teleasistencia Avanzada baixo o modelo de Fogar Dixital Sociosanitario



FOGAR DIXITAL  
SOCIOSANITARIO


No calendario do proceso de consultas, estímase un prazo non superior a 2 meses





Cal é a finalidade da convocatoria?

Identificar **tecnoloxías, solucións organizativas e de xestión, e modelos de interese** para a resolución **do reto** “Extensión da Teleasistencia Avanzada baixo o modelo de Fogar Dixital Socio sanitario”, así como a determinación **do custe de ditas solucións**





Quen pode participar na convocatoria? Pódense presentar propostas de xeito conxunto?

Trátase dunha convocatoria aberta dirixida a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con **vontade de participación e colaboración coa Amtega** na resolución do mencionado reto.

Si, as propostas poden presentarse **tanto individualmente como de xeito conxunto** con outras persoas ou entidades. No caso de que se presente unha proposta de xeito conxunto por un grupo de persoas ou entidades, deberá identificarse aquela que as represente aos efectos de interlocución coa Administración.

### Cal é o prazo para a presentación de propostas?

-  O prazo de presentación abrangue o período comprendido dende o día seguinte ao da publicación no DOGA da resolución que aproba a convocatoria das Consultas Preliminares ao Mercado, ata o peche da convocatoria que se producirá unha vez que se consiga o grado de definición necesario, por resolución da persoa titular da dirección da Amtega e que será publicada no DOGA.
-  O Plan de traballo definido establece un primeiro fito para a **recepción de propostas iniciais o día 30 de decembro de 2017** estimando o desenvolvemento da reflexión ata mediados de febreiro de 2018.

### A presentación dunha proposta supón algunha obriga para as partes?



- Non, o proceso de Consultas ao Mercado configúrase coma un paso previo á definición do modelo de contratación pública. Neste senso, a participación na convocatoria **non comporta por parte da Administración ningún deber de financiamento ou aceptación das propostas presentadas.**

A Administración dará aos participantes un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa participación ao principio de transparencia, de xeito que non se outorgará dereito nin preferencia ningunha respecto da adxudicación dos contratos que poidan celebrarse con posterioridade neste ámbito.

- A participación **non comporta para os participantes ningunha obriga de participación nas licitacións** que con posterioridade puidesen celebrarse.



### As propostas poden conter patentes? Por qué se deben ceder os dereitos de uso da propiedade intelectual á Amtega?

-  Neste momento do proceso, non se trata de recibir propostas de produtos concretos, senón de recibir **propostas de posibles ideas, modelos ou solucións** que se poidan empregar no desenvolvemento dos pregos da licitación.
-  O obxectivo do indicado na resolución é que as solucións que acheguen os participantes no proceso de consultas ao mercado poidan ser empregadas por esta Administración, para os efectos do desenvolvemento dos pregos, das especificacións funcionais e técnicas, e tamén para os efectos de publicar os resultados do proceso de consultas ao mercado. Por tanto, neste momento, o relevante é que o **posuidor dos dereitos de propiedade intelectual, permita á Administración o uso dos contidos que inclúe na proposta para eses fins** e, non lle poida reclamar á Administración nada polo uso desa información e a súa difusión, ben nos pregos ben na documentación do proceso de consultas.

As propostas poden conter patentes? Por qué se deben ceder os dereitos de uso da propiedade intelectual á Amtega?

- **As solucións ofertadas poden empregar tecnoloxías de terceiros.**
- Simplemente ter en conta, que neste momento do proceso **o terceiro posuidor deses dereitos intelectuais terá que permitir o seu uso como se indicou no apartado anterior**, e de chegar a incluírse na oferta dun proceso de licitación, **o licitador deberá indicar a circunstancia de que a oferta inclúe produtos de terceiros suxeitos a propiedade intelectual ou industrial**, e indicar as condicións nas que se oferta á Administración.
- Lembrar tamén, que neste momento no proceso de Consultas Preliminares ao Mercado **non se poderán incluír de forma explícita marcas, procedementos ou patentes concretos.**

### Cal é orzamento do proxecto?

Aínda que actualmente nos atopamos no proceso de Consultas ao Mercado, co obxectivo de identificar as solucións/tecnoloxías/modelos necesarios para desenvolver o citado proxecto, **enténdese que o orzamento necesario para o desenvolvemento do servizo é un elemento esencial para o desenvolvemento posterior dos pregos, e polo tanto que forma parte relevante da proposta dos participantes.**

En calquera caso, os elementos concretos a licitar e os seus requisitos técnicos, definiranse unha vez finalice o proceso de Consultas ao Mercado que se está a desenvolver neste momento.





Pódense presentar propostas que so contemplan algún dos elementos do reto?

No proceso de Consultas ao Mercado o obxectivo das propostas é que de forma conxunta axuden á resolución do reto.

**Polo tanto as propostas expostas si deben contemplar todas as necesidades transmitidas, aínda que podan non resolver a totalidade do servizo.** As propostas son de utilidade se axudan a completar parcial ou totalmente as condicións do servizo establecido no reto.







FOGAR DIXITAL  
SOCIOSANITARIO



XUNTA  
DE GALICIA